



**I CONCURSO PARA DESEÑO DE LOGO E SLOGAN:**  
**“25N Santa Comba. Día Internacional contra a Violencia de Xénero”**

As presentes bases teñen por obxecto regular a primeira edición do concurso para o deseño de logo e slogan “25N Santa Comba. Día Internacional contra a Violencia de Xénero”, organizado polo Centro de Información ás Mulleres do Concello de Santa Comba.

Os obxectivos desta convocatoria son:

- Denunciar a violencia que se exerce sobre as mulleres en todo o mundo.
- Sensibilizar á poboación do problema.
- Previr a violencia de xénero, utilizando o formato visual como ferramenta.

O traballo que resulte gañador poderá ser utilizado polo Concello de Santa Comba na conmemoración do “Día Internacional contra a Violencia de Xénero”, así como para outras accións de sensibilización e promoción da igualdade.

**Participantes:** Poderán participar neste concurso todas aquelas persoas físicas de entre 16 e 30 anos, empadroadas no Concello de Santa Comba, que cumpran con estas bases. Para a participación de persoas menores de idade, é necesaria a autorización das/os súas/seus nais/pais ou titoras/es.

**Temática e características técnicas da obra:** O tema será a conmemoración do 25 de novembro, “Día Internacional contra a Violencia de Xénero” e deberá enviar unha mensaxe positiva de que hai saída á violencia de xénero.

O logo e slogan deben estar relacionados entre sí e referido á conmemoración da efemérides.

As propostas a concurso, que se presentarán en galego, deberán ser orixinais e inéditas, que non foran premiadas con anterioridade noutros concursos ou convocatorias e que non estén concursando noutros certames.

Cada participante poderá entregar un único deseño de logo e slogan, os cales poderán ser en cor ou en branco e negro, en cartolina ou papel brancos tamaño A-4 o A-5, sendo a técnica e estilo libres.

Cada traballo entregárase asinado cun pseudónimo e acompañado dun sobre pechado onde figurará, no exterior, o pseudónimo do/a participante e no interior o nome do/a autor/a, teléfono e correo electrónico de contacto.

Non se poderán empregar imaxes ou nomes que identifiquen marcas comerciais ou persoas recoñecidas no ámbito público.

Non se admitirán os logos e slogans que sexan denigrantes, vexatorios, insultantes ou que resulten de mal gusto ou vulneren os dereitos fundamentais das persoas.

**Premios:**

- 1º premio: unha Tablet
- 2º premio: un teléfono Móvil
- 3º premio: un E-Book

**Lugar de entrega dos traballos:** Os traballos serán entregados nas oficinas do Centro de Información ás Mulleres do Concello (CIM Santa Comba) Rúa Coruña, baixo da vivenda comunitaria, entrada polo parque infantil, 15840 Santa Comba.

**Prazo de presentación:** O prazo de presentación dará comezo o 10 de outubro e rematará o 26 de outubro de 2018 incluído.

**Xurado:** Os traballos finalistas serán avaliados por un xurado designado pola Alcaldesa do Concello de Santa Comba. A decisión do xurado non se poderá recorrer. Os membros do xurado non poden participar no concurso.



**Ditame do concurso:** O xurado terá que fallar o premio o 31 de outubro poñéndose en coñecemento dos/as premiados/as.

**Propiedade:** Os dereitos de propiedade e edición dos traballos premiados e presentados serán do Concello de Santa Comba.

Todos os traballos presentados pasarán a formar parte dun arquivo creado para uso municipal, e poderán ser expostos e reproducidos co obxectivo expresado nas presentes bases.

**Aceptación das bases:** A participación no concurso implica expresamente:

- A autorización para a utilización dos traballos presentados
- A aceptación das bases e das decisións que adoite o xurado naqueles aspectos non previstos nas mesmas.

Calquera traballo que non cumpra as características esixidas quedará fóra do concurso.

As incidencias non contempladas nas bases serán resoltas polo xurado cando éste quede constituído.

**Tratamento de datos de carácter persoal:** En cumprimento da normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten serán tratados e utilizados de conformidade coas bases do concurso e en ningún caso serán utilizados con outra finalidade diferente á indicada nas presentes bases.

En calquera caso, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante comunicación ó Concello de Santa Comba. Praza do Concello nº1, 15841 Santa Comba, ou no enderezo de correo electrónico [correo@santacomba.es](mailto:correo@santacomba.es)